



Padroado da Cultura

Concello de Narón



GRUPO DE DANZA
TRADICIONAL
“ALXIBEIRA”



PADROADO DA CULTURA
CONCELLO DE
NARÓN

HISTORIAL

“**ALXIBEIRA**” é un grupo de mozos e mozas con idades comprendidas entre os 15 e os 30 anos, unidos por un mesmo espírito de recuperación das nosas tradicións máis xenuinas.

A súa creación tivo lugar a finais do 1986, e os seus compoñentes pertencían ás diversas Escolas de Baile Tradicional que o **Padroado da Cultura do Concello de Narón** tiña espalladas polas parroquias, e a distintos entes privados e públicos, todos eles dentro do propio Concello.

A idea da formación do Grupo xurde do *Padroado da Cultura*, cun obxectivo claro e preciso: a revalorización do folclore e costumes de Galicia, e a recuperación das nosas tradicións, fundamentando os traballos de investigación nas verdadeiras raíces autóctonas.

Para elo, “**ALXIBEIRA**” incia un arduo traballo de investigación por diversas zonas da xeografía galega, en busca de bailes, cancións..., e de todo aquilo que puidera estar relacionado dalgún xeito coa Cultura Tradicional Galega.

Con todos estes datos elabora o seu repertorio composto por algúns dos bailes máis representativos de cada zona, e tamén por un bo número decacións, coa intención de busca-los matices peculiares de cada comarca.

No que concerne ó vestuario, tódolos traxes foron reconstruídos seguindo fielmente os patróns e tecidos dos traxes antigos, e incluso conserva, a Agrupación, algunhas das pezas orixinais, obtidos gracias ás xentes das aldeas que aínda os gardaban celosamente en antigos arcóns.

“**ALXIBEIRA**” crese na obriga de continuar investigando, como unha tarefa a realizar “moi urxentemente”, pois do contrario, en moi poucos anos, todas estas tradicións e usos cotiáns de divertimento, que foron un proceso de varios séculos de tradición, interrompidos nestas catro ou cinco décadas, caerán no esquecemento, chegando incluso a desaparecer.

A presentación oficial de “**ALXIBEIRA**” tivo lugar o 30 de xullo de 1988. Na actualidade, os xóvenes que integran a agrupación pertencen á segunda formación.

O seu repertorio está formado por bailes, cantigas e músicas propias de aldeas de Lugo, Pontevedra e A Coruña, sendo ésta última a que acada máior protagonismo, centrándose principalmente nas comarcas de Bergantiños e Xallas; así, consta con maneos: Mira, Cabaleiros...; muiñeiras vellas: Vilela, Veiga de Brañas; jotás: San Salvador, Imende; mazurcas; pasodobles...



“**ALXIBEIRA**” realiza intercambios con Grupos Folclóricos de todo el mundo, invitando a estes o **Festival Internacional de Folclore de Narón** que organiza o Padroado de Cultura do Concello de Narón.

Contacto:

Padroado de Cultura do Concello de Narón
Rúa Holanda, s/n Cidade Europa
15570 Narón
A Coruña
España

Tlf: (+34) 981 39 11 44

Fax: 981 38 48 29

e-mail: p.cultura@naron.es

